

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2013

Federación Galega de Dano Cerebral

FEGADACE



Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE)

Casa das Asociacións (CABES)

Rúa Manuel María, 6, 2º Andar, Despacho 2

15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 659 177 709

E-mail: fegadace@fegadace.org

Web: <http://fegadace.org/>

Blog: <http://fegadace.wordpress.com/>

Facebook: @Fegadace

Twitter: @fegadacegalicia

ÍNDICE

Introdución. Verbas do Presidente da Federación	3
Apartado 1. O equipo humano da Federación	4
Apartado 2. Accións desenvolvidas no 2013	6
2.1. Área Institucional, de desenvolvemento e fortalecemento organizativo	6
2.2. Área de Programas, proxectos e actividades	10
2.2.1. Programa de mantemento da Federación e rehabilitación funcional e inclusión social	10
2.2.2. Formación	15
2.2.3. Actividades para o voluntariado	18
2.2.4. Mellora da funcionalidade para a autonomía e as AVD en persoas con DCA .	20
2.2.5. II Foro de Familias	23
2.2.6. Proxecto para elaborar un soporte informático e impartir cursos sobre hábitos saudábeis e prevención da dependencia en persoas con DCA	26
2.2.7. Proxecto piloto de novos tratamentos rehabilitadores para persoas con dano cerebral adquirido	27
2.2.8. Programa 'Coopera'	28
2.2.9. Proxecto 'Comunícate conTICs, sen complexos'	28
2.3. Área de comunicación e sensibilización	29
2.3.1. Contacto cos medios de comunicación	29
2.3.2. Redes sociais	32
2.3.3. Apoio ás asociacións federadas	37
2.3.4. Campaña 'Eu podería ter dano cerebral'	39
2.3.5. Campaña de colaboración cos colexios profesionais	40
2.3.6. Día do Dano Cerebral Adquirido	40
2.3.7. Día Internacional da Discapacidade	41
2.3.8. Campaña polo X Solidario	42
2.3.9. Elaboración de documentos e arquivo gráfico	42
2.3.10. Outras campañas	42
Apartado 3. Colaboracións	45
Apartado 4. Información económica	46
4.1. Conta de resultados	46
4.2. Balance	46

VERBAS DO PRESIDENTE DA FEDERACIÓN.

“ O ano que deixamos atrás ten sido, polo menos, igual de complexo e coas mesmas dificultades que os anos anteriores: recortes, copagos, atrancos nas nosas entidades e para as nosas familias. A crise económica e do Estado do Benestar pon en dificultades os avances que se tiñan conseguido para as persoas con discapacidade e para o noso colectivo, o do dano cerebral adquirido.

Pero tamén foi un ano de encontros, de momentos de intercambio, reflexións e avances. Iremos dando pasos a nivel organizativo; dotámonos dun plan estratéxico que empezamos a implantar. Tamén afondamos na nosa relación con outras entidades do ámbito da discapacidade en propostas e proxectos conxuntos, así como en estreitar a colaboración coa nosa Federación estatal e co CERMI autonómico.

Faise preciso profundar na nosa formación, potenciando e desenvolvendo a nosas capacidades como familiares de persoas con dano cerebral adquirido. Son tempos de estar preto e de estarmos xuntos.

O presente documento tenta reflectir ese esforzo, froito do traballo de todos e de todas nós: asociacións federadas, institucións, financeiros, persoas e entidades colaboradoras e voluntariado.

Grazas a todos e a todas pola vosa axuda e compromiso. Unha aperta.

D. José Balboa Ayán
Presidente de FEGADACE

APARTADO 1. O EQUIPO HUMANO DA FEDERACIÓN.

A presente memoria recolle as actividades desenvolvidas pola Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) durante o ano 2013.

As actividades realizáronse para cumprir cos fins da Federación; estes son:

- a. A defensa dos dereitos das persoas con dano cerebral adquirido.
- b. A mellora da súa calidade de vida e da do seu contorno social.
- c. A representación das asociacións que a integran perante os axentes sociais.
- d. A xestión dos recursos que lle sexan propios.

FEGADACE persegue a defensa dos intereses e a mellora da calidade de vida dos galegos e galegas con dano cerebral adquirido e das súas familias. Asemade, pretende sensibilizar á sociedade en xeral con respecto ao alcance e a dimensión desta discapacidade, implicar ás institucións, e cantas iniciativas se dirixan a resolver os aspectos relacionados coa rehabilitación, inclusión e normalización social.

A Xunta Directiva está composta por cinco persoas:

- José Balboa Ayán. Presidente
- Luisa Ramírez Nisa. Vicepresidenta
- Manuel Juan Vázquez Moure. Tesoureiro
- Fidel Castro Rodríguez. Secretario
- María Elena Salgado López. Vogal

Na área técnica producíronse cambios. Diana lens incorporouse á oficina da Federación como técnica administración en Decembro do 2013.

Así pois, o equipo que atende a oficina da Federación está composto por tres profesionais:

- Enrique Castro. Coordinador
- Irene Cancelas. Técnica de comunicación
- Diana Lens. Técnica de administración

O traballo técnico de FEGADACE non sería posíbel sen a axuda e colaboración dos técnicos e técnicas das entidades federadas e das persoas voluntarias que desenvolven o seu labor nas mesmas. Todas elas conforman, no seu conxunto, un equipo de gran calidade técnica.

Responsábeis técnicos das entidades que compoñen FEGADACE:

- Rocío García. Sarela - Compostela. Directora
- Gonzalo Mira. Alento - Vigo. Director - Xerente
- Inés Ramos. ADACECO - A Coruña. Directora
- Noelia Luque. Renacer - Ourense. Directora
- Vanesa Mariño. ADACE - Lugo. Directora

Ademais das directoras e do director, as entidades contan cun equipo técnico cualificado que atende as áreas básicas da intervención e da atención ás familias e persoas con dano cerebral. Co seu traballo, esforzo e compromiso fan posible o desenvolvemento e a execución dos programas, proxectos e actividades que leva a cabo a Federación.

As asociacións que compoñen FEGADACE son:



ADACECO - Asociación de Dano Cerebral de A Coruña

As Xubias, 15. 15006 A Coruña. Teléfono: 981 240 899

www.adaceco.org



ADACE Lugo - Asociación de Dano Cerebral Sobrevido/Adquirido de Lugo

Avda. Carlos Azcárraga, 4, Local B. 27003 Lugo.

Teléfono: 982 243 503

www.adacelugo.org



ALENTA - Asociación de Dano Cerebral de Vigo

Rúa Pedra Seixa / Poza do Cabalo, s/n (Navia). 36212

Vigo. Teléfono: 986 229 069

www.alento.org



RENACER - Asociación de Persoas Afectadas por Dano Cerebral Adquirido de Ourense

Rúa Farixa, 7, Baixo. 32005 Ourense. Teléfono: 988 225 056

www.renacer.org.es



SARELA - Asociación de Dano Cerebral de Compostela

Rúa do Ceo, 3, Baixo (As Cancelas). 15703 Santiago de Compostela. Teléfono: 981 577 037

www.sarela.org

“ Xuntas suman 1.268 familias socias, das que 768 persoas teñen dano cerebral adquirido.

APARTADO 2. ACCIÓNS DESENVOLVIDAS NO 2013.

2.1. ÁREA INSTITUCIONAL, DE DESENVOLVEMENTO E FORTALECIMENTO ORGANIZATIVO.

A Federación pertence e participa nas seguintes instancias e institucións:

a) Entidades privadas de segundo nivel:



Comité de Entidades de Representantes
de persoas con discapacidade de Galicia



1. CERMI. Participación conxunta coa ONCE, FADEMGA, COGAMI, FEAFES, Down - Galicia, Autismo Galicia, Federación de Asociacións de Persoas Xordas, Federación de Alzheimer e Federación Aspace. FEGADACE participou en todos os comités executivos convocados e ten presenza nas comisións de traballo creadas este ano: a de estatutos e a de criterios de reparto de fondos autonómicos. Tamén estivo presente na comisión de discapacidade adquirida do CERMI Estatal.

2. FEDACE. Federación Española de Daño Cerebral. Desde FEGADACE estase a colaborar coa Federación estatal tanto a nivel técnico -en grupos de traballo e acción e actividades de ámbito estatal-, como a nivel de goberno, xa que o noso presidente forma parte da xunta directiva de FEDACE.

3. EAPN. Rede galega de loita contra a pobreza. Ten a súa sede en Santiago e, entre outras entidades, están presentes COGAMI, FEAFES e Down - Galicia (do ámbito da discapacidade). FEGADACE participou activamente nas comisións de desenvolvemento normativo e de comunicación. Asistimos ao Foro de Pobreza e Exclusión organizado pola rede en Santiago e estivemos presentes na inauguración da exposición Pobreza Cero instalada no Parlamento de Galicia.

b) Institucións públicas:

1. Consello Asesor de Pacientes. Consellería de Sanidade.
2. Reunións coa Conselleira de Traballo e Benestar.
3. Reunións de traballo coa Secretaría Xeral de Política Social.
4. Reunións de traballo coa Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal.
5. Reunión Conselleira de Sanidade.
6. Reunión Director Xeral de Atención Sanitaria.
7. Reunións de traballo coa Subdirección Xeral Desenvolvemento e Seguridade Asistencial da Consellería de Sanidade..

8. Escola Galega de Saúde para Cidadáns. Consellería de Sanidade.
9. Universidade de Santiago de Compostela. Facultade de Psicoloxía .
10. Universidade de A Coruña. Facultade de Terapia Ocupacional.
11. Dirección Xeral de Voluntariado e Xuventude. Consellería de Traballo e Benestar.

c) ENL, outras entidades e organizacións:

Durante 2013 seguíuse traballando no estreitamento de relacións e contactos coa finalidade de iniciar e afondar na dinámica de traballo conxunto e de proxectar tanto a propia Federación e o seu traballo como a necesidade de coordinación entre as entidades e organizacións. No 2013 mantivéronse reunións e contactos de traballo con:

1. FEAFES Galicia
2. DOWN – Galicia e Down Vigo
3. COGAMI
4. Autismo Galicia e Aspanaes
5. Stop Accidentes Galicia
6. Cruz Vermella Galicia, oficina local da Cruz Vermella de Santiago e oficina comarcal da Cruz Vermella de Vigo
7. Colexio de Logopedas de Galicia
8. Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
9. Colexio de Hixienistas Dentais de Galicia
10. Semergen Galicia
11. Valora Dependencia
12. Obra Social Caixa Galicia
13. Agafor. Asociación Galega de Formadores
14. Agasol. Asociación Galega de Software libre
15. IFFE
16. Fundosa
17. Bansalud / Banco de Santander
18. Acegal
19. Fundación Adcor
20. FEDACE
21. Aspace-Galicia
22. Ategal

En 2013 a Federación puxo en marcha o proceso de implantación do seu primeiro Plan Operativo Anual, nado do plan estratéxico 2013-2015. Neste primeiro ano foron levándose a cabo avances nalgúns dos obxectivos previstos no mesmo, especialmente nos seguintes Obxectivos Estratéxicos:

Obxectivo 1: Promover, fortalecer e consolidar a proxección social da Federación.

Neste ámbito levouse a cabo un traballo significativo de proxección e fortalecemento da presenza en entidades como o CERMI, EAPN ou FEDACE, tendo unha constante participación nas accións, xuntanzas e traballos co obxectivo de dar a coñecer o dano cerebral e a súa problemática e de afondar no traballo en rede.

Por outra banda, traballouse no ámbito da comunicación e a difusión nos medios, ben sexa prensa, radio ou televisión, ben as redes sociais e os medios propios, como o blog de FEGADACE e o blog 'Envellecer con DCA'.

Ademais, apróbase o Plan de Comunicación da Federación, ferramenta importante para marcar un rumbo nas accións desta área.

Obxectivo 2: Definir e desenvolver a estrutura da Federación.

Traballouse co persoal técnico das entidades federadas e déronse pasos cara a formulación e definición de novos traballos e proxectos que deberán desenvolverse e concretarse nos tempos próximos, tal como define o plan estratéxico.

No caso do resto de obxectivos (Obxectivo 3: Fomentar o traballo conxunto coas entidades federadas tanto na dimensión técnica, de goberno corporativo, como da súa base social; e Obxectivo 4: Asegurar a sustentabilidade económica e o mantemento da estrutura básica de FEGADACE) foron dándose pasos, pero máis pequenos, e que precisan dun esforzo continuado no tempo de vixencia do noso plan.

No 2013 solicitouse a Declaración de Utilidade Pública para a Federación.

2.2. ÁREA DE PROGRAMAS, PROXECTOS E ACTIVIDADES.


2.2.1. PROGRAMA DE MANTEMENTO DA FEDERACIÓN, REHABILITACIÓN FUNCIONAL E INSERCIÓN SOCIAL. Subvencionado pola Xunta de Galicia. Secretaria Xeral de Política Social.

a) Obxectivos.

“ O obxectivo xeral é contribuír a mellorar as condicións de vida das persoas con dano cerebral adquirido e das súas familias. Para iso ofrécese diversos servizos e actividades, entre os que se atopan as terapias de rehabilitación e inclusión social para as persoas con dano cerebral adquirido en situación de dependencia e para as súas familias.

Todo isto perséguese desde o traballo das entidades que forman parte de FEGADACE e desde a mesma Federación no seu labor aglutinador, de coordinación e de representatividade do movemento asociativo relacionado co DCA en Galicia.

O proceso polo que pasan as persoas con dano cerebral é o mesmo en todos os casos. Trala valoración inicial, o profesional deriva á persoa ás terapias, accións ou servizos que máis se adecúen aos seus déficits, co obxectivo de ir avanzando no fortalecemento da súa autonomía persoal e da súa recuperación funcional.



Os servizos que se ofrecen atenden ás persoas pero tamén aos seus familiares e a outras persoas indirectamente afectadas, xerando proximidade entre elas, algo de vital importancia en moitos casos. Isto supón un feito diferencial da intervención que se desenvolve nas asociacións, con respecto a outro tipo de intervencións proporcionadas noutras institucións ou entidades.

O obxectivo específico é contribuír ao mantemento dos diversos servizos de rehabilitación funcional e actividades de inclusión social das persoas con DCA

Actividade de terapia ocupacional na asociación de dano cerebral da Coruña.

en situación de dependencia e das súas familias; concretamente, os servizos de Fisioterapia, Terapia ocupacional, Información / Orientación a Familias e Lecer e tempo libre / Animación Sociocultural.

Todos os servizos relacionados coa rehabilitación e a inclusión das persoas con dano cerebral adquirido foron desenvolvidos en colaboración coas asociacións federadas: Adaceco na Coruña, Adace en Lugo, Alento en Vigo, Renacer en Ourense e Sarela en Santiago. Foi en cada unha destas sedes locais onde se proporcionou unha atención directa ás persoas con dano cerebral adquirido e ás súas familias.

b) Resultados definidos no programa.

Resultado 1: Apoiar a prestación dos servizos de Fisioterapia, Terapia ocupacional, Información / Orientación a Familias e Lecer e tempo libre / Animación Sociocultural na Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Santiago.

Resultado 2: Fortalecida a coordinación e proxección do traballo conxunto coas entidades federadas e outros actores implicados no ámbito da discapacidade e do DCA.

c) Relación de actividades.

c.1) Actividades do servizo de terapia ocupacional. Destinadas a potenciar ao máximo as capacidades físicas, cognitivas e sociais de cada unha das persoas que asiste aos tratamentos, para mellorar o seu desenvolvemento ocupacional e conseguir así unha maior independencia e calidade de vida, tanto para a persoa usuaria como para a súa familia. A atención é individual por norma xeral, aínda que se desenvolven actividades e obradoiros grupais. Referente profesional: Terapeuta ocupacional.

c.2) Actividades do servizo de Información e orientación familiar nas áreas social, legal, administrativa e sanitaria. Neste servizo infórmase ás familias dos recursos tanto económicos como sociosanitarios aos que poden acudir e optar e reciben asesoramento cos trámites administrativos e burocráticos. Tamén desenvolven actividades grupais e de apoio psicolóxico ás familias. Referente profesional: Traballadora social e psicóloga.

c.3) Actividades do servizo de Fisioterapia. Dirixidas a persoas con dificultades motoras. Trátase dun conxunto de métodos, actuacións e técnicas que, mediante a aplicación de medios físicos, preveñen e axudan a persoas con dano cerebral a manter un nivel adecuado de saúde. Periodicidade: segundo o plan de traballo individualizado. Referente profesional: Fisioterapeuta.

c.4) Actividades de lecer e tempo de libre / Animación Sociocultural. Orientadas á integración social a través do goce educativo do tempo libre. Nesta área fixéronse saídas



culturais, saídas de lecer, excursións, actividades lúdicas e obradoiros. Acompañáronse de celebracións festivas e lúdicas no Entroido, nos Maíos, no Samaín, polo Nadal ou no San Xoán.

Usuarios de Alento na horta da asociación de Vigo.


c.5) Actividades de apoio ás entidades de FEGADACE: Comunicación, difusión, sensibilización, formación, coordinación técnica e seguimento. Referente profesional: Coordinador e técnica de comunicación.

As accións desenvolvéronse nas sedes e instalacións das entidades na Coruña, Lugo, Santiago, Vigo e Ourense. Outras actividades, como las de lecer e tempo libre / animación sociocultural, formación ou respiros, puideron levarse a cabo en aulas, auditorios ou outras instalacións públicas ou privadas adecuadas ás particularidades destas actividades.

d) Asistencia.

O total de persoas que pasaron polos diferentes servizos e actividades do programa nas cinco entidades foi de 1.119 usuarios e usuarias (59% homes e 41% mulleres).


► **Táboa 1.** Nº de persoas atendidas nas actividades de Terapia ocupacional.



Total: 165

Homes: 102 (61,8%) / Mulleres: 63 (38,1%)

► **Táboa 2.** Nº de persoas atendidas nas actividades de Fisioterapia.




Total: 176

Homes: 118 (67%) / Mulleres: 58 (33%)



Hidroterapia en Sarela (Santiago) e terapia canina en Alento (Vigo).

► ► Táboa 3. Nº de persoas que participaron nas actividades de Atención a familias.




Total:86

Homes:30 (35%) / Mulleres: 56 (65%)

Ademais, desde as asociacións informouse e orientouse por diferentes medios (teléfono, correo electrónico, de xeito presencial, en eventos, charlas ou por outros medios) a 1.183 persoas. Á marxe dos eventos colectivos (charlas, actividades de sensibilización ou similares) polo medio das cales se informou a 400 persoas, o medio máis común foi a través do teléfono (205 persoas) e de forma presencial nas oficinas (284 persoas). Tamén se facilitou información por medio do e-mail ou directamente en hospitais.

Participaron nas actividades, sobre todo prestando apoio nos servizos de lecer e tempo libre, un total de 32 persoas voluntarias.

► Táboa 4. Nº de persoas que participaron nas actividades Lecer e tempo libre.



Total:692

Homes:500 (72,54%) / Mulleres: 192 (27,74%)

2.2.2. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN

a) Formación dirixida ao persoal técnico das entidades federadas e o equipo profesional da Federación (subvencionado por Consellería de Traballo e Benestar. Secretaría Xeral de Política Social):

▶ Participación e Dinamización Asociativa.

Santiago. 19 e 26 de abril. Impartido por AGAFOR.

14 asistentes: 12 mulleres, 2 homes.

▶ Planificación de proxectos sociais co marco lóxico.

Santiago. 26 de marzo. Impartido por persoal da Federación.

11 asistentes: 9 mulleres, 2 homes.

▶ Redes sociais e captación de fondos.

Santiago. 5 de xuño. Impartido por Xosé Cuns Traba.

9 asistentes: 8 mulleres, 1 home.

▶ TOTAL PERSOAS PARTICIPANTES: 34 (29 mulleres, 5 homes)

b) Formación dirixida a familiares directivos e entidades federadas (subvencionado por Consellería de Traballo e Benestar. Secretaría Xeral de Política Social):

▶ Obradoiro de comunicación e portavoces.

Santiago. 7 de xuño. Impartido por persoal da Federación.

10 asistentes: 7 mulleres, 3 homes.

▶ Obradoiro de habilidades directivas e liderado.

Santiago. Impartido por Algalia.

13 asistentes: 7 mulleres, 6 homes.

▶ Curso de Xestión de redes sociais especializado en Facebook.

Dirixido á Xunta Directiva e persoal técnico da Asociación de Dano Cerebral de Compostela Sarela.

Santiago. 1 de agosto. Impartido por persoal da Federación.

13 asistentes: 11 mulleres, 2 homes.

► **TOTAL PERSOAS PARTICIPANTES: 36 (25 mulleres, 11 homes)**

► Encontro de xuntas directivas das asociacións federadas.

Santiago. 13 de abril.

Con este primeiro encontro de familiares directivos trátase de crear un espazo de intercambio, formación, fortalecemento e rendición de contas por parte da Federación aos familiares xuntas directivas das súas entidades socias. Presentouse o documento final do Plan Estratéxico da Federación 2013-2105 así como a memoria do ano 2012. Tráballouse no intercambio de experiencias entre as persoas participantes.

29 asistentes: 13 mulleres, 16 homes.



Membros das xuntas directivas das cinco asociacións galegas de dano cerebral.

c) Formación dirixida o público en xeral (coa colaboración da Consellería de Sanidade):



► Obradoiro para cuidadores de persoas con DCA.

Escola Galega de Saúde para Cidadáns
6 de marzo, Vigo. Hospital Nicolás Peña.

► Obradoiro para cuidadores de persoas con DCA.

Escola Galega de Saúde para Cidadáns.
23 de xaneiro, Lugo. CH Lucus Augusti.

► Obradoiro de Prevención do DCA.

Escola Galega de Saúde para Cidadáns.

15 de novembro, A Coruña. Instituto Rafael Dieste.

- ▶ Obradoiro de prevención DCA.

Escola Galega de Saúde para Cidadáns.

5 de novembro, Santiago. CEIP de Vite.

- ▶ Curso online de formación de voluntariado como mediador para persoas con DCA.

Plan de formación de voluntariado 2013, Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Impartido por persoal de Adace-Lugo e coordinado pola Federación.



d) Formación, encontros e xornadas nas que participamos como asistentes:

- ▶ Obradoiro para a creación dun Laboratorio Social en Galicia.

Coordinadora Gallega de ONGD's. Santiago de Compostela.

- ▶ Curso 'Comunicar para captar fondos privados'.

Adeo Conexia Consultora Social. Formación on line.



Unha das mesas redondas da xornada do CERMI polo 8 de marzo.

- ▶ Xornada Día Internacional da Muller.

CERMI Galicia e Secretaría Xeral de Igualdade. Santiago de Compostela.

- ▶ Curso 'Voluntariado dixital: Redes sociais e comunicación 2.0: Community Manager'.

Plan de formación 2013 Voluntariado Dixital. Santiago de Compostela.

- ▶ Curso 'Retos e novas tendencias na captación de fondos para ONG: da filantropía á innovación social'.
EN+ Diseño Social e Coordinadora Galega de ONGD's. Santiago de Compostela.
- ▶ III Foro Exclusión Social, Terceiro Sector e Voluntariado. Un investimento, non un gasto.
EAPN-Galicia. Santiago de Compostela.
- ▶ Xornadas Más Social da Fundación Barrié.
A Coruña.
- ▶ Foros Galegos de Solidariedade. O traballo en rede na acción social en tempos de crise.
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Santiago de Compostela.

2.2.3. ACTIVIDADES PARA O VOLUNTARIADO.

O 6 de abril celebrouse na sede de Alento, en Vigo, o 1º Encontro de Voluntariado de FEGADACE.

- ▶ TOTAL PARTICIPANTES: 43 persoas (29 mulleres, 14 homes)

A xornada dividiuse en dous espazos de traballo diferenciados. Por un banda, un de traballo de intercambio, reflexión e mellora da situación actual coas persoas voluntarias; pola outra, unha sesión de traballo formativo coas técnicas responsables de voluntariado das cinco asociacións federadas. Neste obradoiro traballouse sobre o ciclo de xestión do voluntariado, en dous ámbitos:

- As persoas voluntarias, o seu traballo, organización, inquedanzas e demandas do voluntariado.
- O conxunto de profesionais das asociacións que coordinan o persoal voluntario.

Velaquí unha síntese das conclusións do encontro:

- Compartir experiencias con outras entidades da Federación.
- Máis participación e colaboración con outras entidades sociais.
- Participar en proxectos con outras entidades deportivas.
- Promover a opinión e decisión das persoas usuarias nas actividades, darlles tempo.
- Facer máis actividades de lecer e tempo libre ("a realidade está fóra, non no centro"), que non sexan tan pechadas e nun ámbito comunitario.
- Utilizar os recursos comunitarios abertos e de libre elección por parte das persoas usuarias.
- Que o voluntariado se coordine para propoñer actividades ás persoas usuarias.
- Articular equipos de persoas voluntarias.
- Habilitar e promover espazos e tempos de reunión para as persoas voluntarias, que se poidan reunir coas persoas usuarias para organizar a actividades.
- Espazos para a comunicación e formación (voluntariado / profesionais con remuneración).



Foto de familia do encontro de persoas voluntarias nas asociacións de dano cerebral.

Por outra banda, dende a Federación elaboráronse dous documentos para o traballo coas persoas voluntarias que foron remitidos ás asociacións federadas:



Estas actividades desenvóléronse coa colaboración da Consellería de Traballo e Benestar no marco do convenio que mantén coa Federación Galega de Dano Cerebral.

2.2.4. PROXECTO 'MELLORA DA FUNCIONALIDADE PARA A AUTONOMÍA E AS ACTIVIDADES DA VIDA DIARIA EN PERSOAS CON DANO CEREBRAL ADQUIRIDO'. CONSELLERÍA DE SANIDADE.

a) Obxectivos.

“ O obxectivo xeral é contribuír a mellorar as condicións de vida das persoas con DCA e das súas familias.

O obxectivo específico é potenciar a autonomía das persoas con dano cerebral mediante o desenvolvemento de actividades que melloren as súas capacidades funcionais para a vida diaria na Coruña, Santiago, Ourense, Vigo e Lugo.

b) Actividades.

b.1) Actividade de cociña.

Preténdese que as persoas participantes no obradoiro poidan desenvolver o proceso completo de elaboración de pratos sinxelos. Tamén se traballa a planificación da compra, a realización de menús equilibrados e a preparación de alimentos.

Na cociña trabállase sobre as actividades básicas cotiás: a alimentación, a seguridade e a hixiene. Apréndese a traballar en equipo, a seguir consignas simples e complexas, a valorar o traballo propio e do outro...

A actividade inclúe as seguintes tarefas:

- Buscar receitas. Todo o grupo comparte esta tarefa; conséguense receitas mediante internet, libros e experiencias propias ou da familia.
- Planificar a elaboración do prato. Unha vez escollida a receita a realizar a semana seguinte valórase se é viábel (por tempo, utensilios e alimentos que se necesitan, orzamento, etc.). A terapeuta é a encargada de coordinar os seguintes pasos.

- Comprar. Esta tarefa realízana as persoas que determine a técnica. Realízase unha saída ao supermercado, sabendo previamente os ingredientes a mercar.
- Elaborar a receitas. Facilitase aos usuarios a ficha da receita e o grupo terá que comprobar se dispón de todos os ingredientes que se necesitan, así como seguir a secuencia de pasos que se requiren para a preparación da receita. Todo iso baixo a supervisión do persoal técnico, que ofrece os apoios necesarios.
- Recoller e limpar o material utilizado. Esta tarefa tamén é compartida por todo o grupo.

b.2) Actividade de psicomotricidade. Fases:

- Fase de Acollida: A sesión comeza co recibimento, recoñecemento e colocación espacial e temporal das persoas asistentes.
- Fase de Quecemento: Vanse mobilizando todos os percorridos articulares e repasando todas as partes do corpo.
- Fase de Actividade: Pode ser variábel, en cada sesión lévanse a cabo diferentes exercicios como memoria visual, circuítos ou xogos dinámicos (xogos con pelotas, globos, aros, música, cestos, rampla e escaleira, cuñas, pivotes, botellas, canastra, dardos, padiola, táboas, botes,...).



- Fase de Despedida: Verbalízanse as vivencias experimentadas durante a sesión e suxírense materiais ou exercicios para a seguinte sesión.

Psicomotricidade en Renacer, a asociación de dano cerebral de Ourense.

b.3) Actividade de carpintería.

Para a incorporación ao obradoiro contémplanse tanto as capacidades físicas como cognitivas da persoa candidata, co obxectivo de facer as adaptacións pertinentes en canto a material, metodoloxía didáctica e instrucións.

Fases:


- Fase de valoración e axuste das persoas á actividade e aos recursos e materiais que se van utilizar.
- Fase de aprendizaxe no manexo do espazo, desprazamentos e xestión do material.
- Fase de definición e execución das tarefas a levar a cabo.

No obradoiro de carpintería preténdese traballar para crear espazos de potenciación ocupacional e social/grupal, para que as persoas “constrúan” e “reconstrúan” os seus lugares de funcionamento ocupacional óptimo, entendidos como aqueles que permiten o desenvolvemento dunha vida máis plena e satisfactoria.

c) Asistencia.

O total de persoas que pasaron polas actividades do proxecto nas cinco entidades foi de 62 (43 homes e 19 mulleres).

► **Táboa.** Persoas que participaron nas actividades en cada cidade.



Total:62

Homes: 43 (69,35%) / Mulleres: 19 (30,64%)

2.2.5. II FORO DE FAMILIAS.

a) Obxectivos.

“ O obxectivo xeral é mellorar o coñecemento e comunicación entre as familias de persoas con DCA en Galicia.

O obxectivo específico é establecer un espazo de encontro, reflexión e formación sobre o dano cerebral para as familias das persoas con esta discapacidade.

b) Persoas asistentes.

Un total de 114 familias das cinco asociacións pertencentes a FEGADACE.

c) Actividades.

Ademais dos grupos de traballo, presentáronse dúas mesas redondas para testemuñar as vivencias que xera o DCA desde o punto de vista das familias e desde o das persoas con dano cerebral.

Este ano instaurouse un premio que ten como obxectivo recoñecer o traballo en defensa das persoas con discapacidade. O I Premio FEGADACE recaeu no programa da Radio Galega “Convivir en Igualdade”. A súa condutora, Clara de Súa, foi a encargada de recoller o galardón no Foro de Familias, acompañada por outro locutor e pola directora de programas da emisora pública.

d) Metodoloxía de traballo.

Constituíuse un Comité Técnico organizador composto por seis persoas: o coordinador de FEGADACE, a súa técnica de comunicación, e as cinco directoras das asociacións federadas, ademais das persoas que coordinaron os grupos de traballo.

e) Grupos de traballo.

- **Grupo 1. O papel do cuidador.** Coordinado por Dolores Vinagre e Luisa López, psicólogas de Adaceco e de Adace Lugo, respectivamente.
- **Grupo 2. A voz das familias nas asociacións.** Coordinado por Fidel Castro e Luciano Fernández, secretario de FEGADACE e secretario de Sarela.
- **Grupo 3. Obradoiro de autocoidado físico.** Coordinado por Miriam Dorribo e Rebeca Yebra, fisioterapeutas de Renacer e Adaceco.
- **Grupo 4. O camiño da autonomía persoal.** Coordinado por Inés Cortés e Ana Ruiz, terapeutas ocupacionais de Adaceco e Sarela.

f) Relatorios.

Presentáronse dous relatorios, que serviron para acometer e encadrar o traballo nos grupos e debates posteriores:

1. O papel das asociacións de familiares de persoas con dano cerebral adquirido.
Valeriano García, xerente de FEGADACE.
2. A situación da Lei de Dependencia. Cara onde imos.
Ángela Lavandeira, traballadora social de COGAMI.

g) Conclusións.

Os grupos de traballo elaboraron as seguintes conclusións:

O papel do
cuidador

- Solicitar información ao persoal técnico e profesional.
- Descansar e delegar responsabilidades.
- Axustar as expectativas.
- Expresar as emocións e estar en contacto con outros familiares.
- Coidarse como familiares.

<p>A voz das familias nas asociacións</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Exportar o asociacionismo, os labor das asociacións e o coñecemento do DCA. • Abrir canles de colaboración e romper dinámicas de afastamento. • Xerar espazos para as familias. • Crear espazos que permitan que afloren as necesidades das familias. • Crear unha "canteira" para o relevo das Xuntas Directivas. • Crear grupos de traballo interasociativos para desenvolver estas conclusións.
<p>Obradoiro de autocoidado físico</p>	<ul style="list-style-type: none"> • É interesante aprender a realizar as mobilizacións de forma correcta, aínda que no día a día, e coa experiencia, farase adaptándoo ás características de cada persoa en particular. • Dende a chegada das persoas ás asociacións deberíase intentar educar ás familias no manexo das persoas usuarias, para previr posibles futuras lesións. <p>Recomendacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Manter unha axeitada ergonomía e hixiene postural á hora de realizar as actividades que se levan a cabo ao longo do día. • Coñecer as diferentes formas de realizar as transferencias ou mobilizacións da persoa con dano cerebral. • Prestar axuda só cando o necesite. • Pedir axuda aos profesionais sanitarios. • Manterse en forma e non se illar. • Vixiar a saúde e acudir ao médico cando sexa necesario.
<p>O camiño da autonomía persoal</p>	<p>A nivel comunitario:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Dende o hospital proporcionar maior orientación e información. • Existencia dun protocolo hospitalario de atención a persoas con DCA. • Realizar unha maior presión nas administracións. • Dar visibilidade na comunidade e nos medios de comunicación. <p>Dende as familias:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Evitar a sobreprotección. • Paciencia. • Reivindicar tanto ás asociacións coma á administración.

Estas actividades desenvolvéronse coa colaboración da Consellería de Traballo e Benestar no marco do convenio que mantén coa Federación Galega de Dano Cerebral.



Acto de clausura (esquerda) e un dos grupos de traballo (dereita) do II Foro de Familias.

2.2.6. PROXECTO PARA A ELABORACION DUN SOPORTE INFORMÁTICO E A IMPARTICIÓN DE CURSOS SOBRE HÁBITOS SAÚDABEIS E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA EN PERSOAS CON DANO CEREBRAL ADQUIRIDO.

“ Financiado pola Secretaría Xeral de Política Social e cofinanciado a través do Proxecto Europeo 0552 Envelhecimento Activo 0-1-E, no marco da segunda convocatoria do POCTEP 2007-2013.



Impartíronse vinte cursos sobre hábitos de vida saudábel e a prevención da dependencia en persoas maiores de 50 anos, aos que asistiron un total de 266 persoas repartidas en cinco cidades.

A súa distribución foi a seguinte:

A Coruña	Lugo	Ourense	Vigo	Santiago
4 cursos	4 cursos	4 cursos	4 cursos	4 cursos
44 asistentes	47 asistentes	51 asistentes	50 asistentes	74 asistentes

Os cursos e a experiencia formativa foi moi ben valorados en xeral polas persoas asistentes. Organizáronse en colaboración coas asociacións federadas e outras entidades como Atendo, Ategal ou a Obra Social Caixa Galicia.



Un dos cursos realizados en Vigo e portada do DVD interactivo cos contidos lectivos.

2.2.7. PROXECTO PILOTO DE NOVOS TRATAMENTOS REHABILITADORES PARA PERSOAS CON DANO CEREBRAL ADQUIRIDO.

“ Financiado pola Secretaría Xeral de Política Social e cofinanciado a través do Proxecto Europeo 0552 Envellecemento Activo 0-1-E, no marco da segunda convocatoria do POCTEP 2007-2013.




O proxecto pretendeu artellar un conxunto de accións e actividades dirixidas á prevención e o envellecemento saudábel das persoas maiores con Dano Cerebral Adquirido. O público compúxose, principalmente, de persoas maiores de 50 anos, mulleres e homes, das asociacións federadas na Coruña, Vigo, Ourense, Santiago e Lugo.

No marco deste proxecto leváronse a cabo accións piloto de rehabilitación en fisioterapia, rehabilitación psicolóxica /estimulación cognitiva, intervención logopédica e traballo con familias para persoas maiores de 50 anos.

O número de persoas que participaron nas actividades desde proxecto foron un total de 137, distribuídas do seguinte xeito:

A Coruña	Santiago	Lugo	Ourense	Vigo
62 asistentes	18 asistentes	10 asistentes	32 asistentes	15 asistentes



Usuarios de Sarela (esquerda) e Alento (dereita) traballando con tablets.

2.2.8. PROGRAMA ‘COOPERA’. SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR E O FONDO SOCIAL EUROPEO.

A Xunta de Galicia financiou a contratación dunha profesional para “apoio administrativo nos proxectos da Federación”.

2.2.9. PROXECTO ‘COMUNÍCATE CONTICS, SEN COMPLEXOS’ COA FUNDACIÓN LA CAIXA.

O proxecto consiste en poñer ao servizo das persoas con dano cerebral que teñen dificultades de comunicación as ferramentas necesarias para mellorar a súa interlocución coa contorna, reforzar as súas capacidades e potenciar a súa autonomía.



Alejandra Varela, directora da oficina de La Caixa, e José Balboa, presidente de FEGADACE.

O proxecto desenvólvese nas cidades de Santiago, A Coruña, Vigo, Ourense e Lugo. Enmárcase dentro da liña de traballo da Federación concibida para fortalecer e dotar de medios adecuados os programas de rehabilitación e promoción da autonomía persoal das persoas con DCA, incluíndo as novas tecnoloxías e os novos soportes nas intervencións.

En 2013 desenvolvéronse as primeiras actuacións: sistema de coordinación, deseño dos contidos de formación e identificación dos docentes, definición de indicadores, criterios de inclusión das persoas participantes e requisitos técnicos das de tablets adquiridas. Para iso celebráronse varias reunións de traballo en Santiago coas logopedas das asociacións.

2.3. ÁREA DE COMUNICACIÓN E SENSIBILIZACIÓN.

As accións desenvolvidas ao longo do ano en materia de comunicación foron as delimitadas polo plan de comunicación presentado a primeiros de ano e en vixencia paralela á do plan estratéxico. As actividades pendentes pasarán a formar parte do plan operativo de 2014, onde se dará continuidade ás liñas de traballo abertas.

Ademais das medidas previstas tanto para a comunicación interna como para a externa, a área de comunicación foi partícipe de moitos dos proxectos xerais desenvolvidos pola Federación ao longo do ano. A continuación detállanse todos os aspectos do traballo:

2.3.1. CONTACTO COS MEDIOS DE COMUNICACIÓN.

Envío de notas de prensa das actividades de FEGADACE e das súas asociacións federadas. En total, enviáronse 26 en todo o ano:

- integración en EAPN, curso sobre DCA en Lugo
- acordo coa Cruz Vermella, curso sobre DCA en Vigo
- campaña X Solidario
- ciclo de Cursos de Hábitos de Vida Saudábeis
- proxecto de prevención da dependencia
- partido solidario Santiago Futsal
- campaña 'Música dance para que tú no la bailes'
- proxecto 'Comunícate conTICs, sen complexos'

“ Traballouse a participación en programas temáticos: unha reportaxe no -extinto- programa de Popular TV Hoxe por Ti (compartida con Sarela e emitida o 16/01/2013), e cinco entrevistas e un monográfico en Convivir en Igualdade. Tamén se fixo un esforzo infrutuoso por localizar casos de persoas con DCA para o programa de La Sexta Televisión ‘Más vale tarde’. Contactouse con todas as entidades pero os testemuños non chegaron en prazo.



Desenvolvéronse os contactos existentes coa xornalista de Intervú Nieves Salinas e co xornal El País. A primeira, encargada de asuntos sanitarios e redactora do blog ‘Sin cita previa’, publicou unha reportaxe o 16 de decembro sobre o que ocorre trala alta hospitalaria nas familias con DCA, incluíndo dous testemuños proporcionados por FEGADACE: unha familia viguesa e o psicólogo Miguel Anxo García.

Os segundos deron protagonismo á opinión da Federación, xunto con outros medios de comunicación, sobre o tema da reformulación do transporte 065. El País publicaba unha

REAJUSTES EN EL TRANSPORTE ADAPTADO
Las pequeñas asociaciones, muy preocupadas por el 065

Sólo en Fegadace, unas 85 personas se quedarán sin servicio // Ramona, con un hijo con daño cerebral, cree que la única solución es “que no se suprima”



Noticias relacionadas

- “Nos parece bien que se corrija el abuso que se hacía del 065, pero no que se imponga su prestación”
- “Para nosotros será positivo porque nos cubre el transporte, pero para otras asociaciones será un marrón”

NICOLÁS NAVAZA, SANTIAGO | 27/11/2013

Ramona es vecina del municipio ourensano de San Ciprán das Viñas. La mala suerte se cruzó en la vida de su familia cuando su hijo David, con tan solo 16 años –hoy tiene 29–, sufrió una hemorragia cerebral que le dejaba sin capacidad motriz, por lo

La Xunta desmantela el servicio 065 de transporte para discapacitados

• Bienestar defiende la medida, que introduce el cobro para “racionalizar” la gestión

CRISTINA SUETE | Ourense | 16 NOV 2013 - 21:05 CET

Asociaciónes | Turismo | Cultura | Deportes | Opinión | Política local | Galicia | España | Administración | Administración pública | Transporte | Sociedad



Se acaba también el 065 (el Servicio Gallego de Asilo a Movilidad Personal). La Consejería de Bienestar encuentra caro este transporte público que hasta ahora garantizaba los desplazamientos programados (no urgentes) de las personas en situación de dependencia, discapacidad o con problemas de movilidad. Esto es, que la Xunta dejará de subvencionar el traslado diario o semanal de los dependientes a los centros asistenciales en los que reciben terapias de rehabilitación encomendadas a su intención y mantendrá el servicio sólo para casos puntuales, como ir al médico. En la práctica supondrá, según denuncian ya varias asociaciones, que los usuarios tendrán que renunciar a sus tratamientos. El borrador de decreto cuyas detalles negocia la consejería con las organizaciones de afectados no solo introduce el desmantelamiento del servicio —el transporte adaptado deja de ser

reportaxe o 16/11/2013 e El Correo Gallego facía o propio o día 27 do mesmo mes (con declaracións da directora de Renacer). Sobre o mesmo tema, o coordinador de FEGADACE respondeu a unha entrevista en Radio Galicia o 18/11/2013 e La Sexta Noticias preguntou a ADACECO o 07/12/2013.

As informacions sobre os cambios no 065 en El Correo Gallego (esquerda) e El País (dereita).

Por último, a locutora de Radio Voz Eva Millán realizou unha entrevista á Federación o 16/12/2013.

A integración en FEDACE tamén deu os seus froitos comunicativos grazas ao envío sistemático de información e repercusión no boletín Compartir, web e redes.

Nuestras asociaciones

FEGADACE – Federación Gallega de Daño Cerebral

FEGADACE
FEDERACIÓN
GALEGA DE
DANO CEREBRAL

FEGADACE es la Federación Gallega de Daño Cerebral. Se constituye en mayo de 2007 con el objetivo de coordinar los esfuerzos de las diferentes asociaciones de daño cerebral de Galicia, canalizar las demandas del colectivo de personas afectadas de daño cerebral en nuestra comunidad ante la Administración y aportar soluciones que contribuyan a normalizar la situación de las personas con daño cerebral adquirido en la sociedad.

Artículo completo en [nuestra web](#).

FEGADACE no Boletín Compartir de FEDACE.

A colaboración con EAPN-Galicia a través do seu Grupo de Comunicación tamén favoreceu comunicativamente á Federación. Perfeccionáronse as bases de datos de contactos de medios de comunicación grazas ao traballo colaborativo coas demais técnicas de comunicación da rede.

2.3.2. REDES SOCIAIS.

a) Blog fegadace.wordpress.com.

Ata o 30 de setembro, o blog creado para exercer a portavocía de FEGADACE contou con dúas actualizacións diarias. Desde outubro, e co cambio de contrato da técnica de comunicación, reducíronse a unha entrada ao día. Os criterios de publicación continuaron sendo os mesmos: información da Federación, das súas asociacións ou de entidades nas que participa FEGADACE, máis noticias sobre o dano cerebral adquirido en particular e a discapacidade, a dependencia e a saúde en xeral.

Crunchy numbers

The concert hall at the Sydney Opera House holds 2,700 people. This blog was viewed about **12,000** times in 2013. If it were a concert at Sydney Opera House, it would take about 4 sold-out performances for that many people to see it.

In 2013, there were **382** new posts, growing the total archive of this blog to 516 posts. There were **461** pictures uploaded, taking up a total of 122 MB. That's about a picture per day.

The busiest day of the year was July 19th with **170** views. The most popular post that day was **Guía de axudas sociais para as familias 2013**.



"Crunchy numbers", ou "Números crocantes", é o título que Wordpress, o sustento técnico do blog de FEGADACE, dá a este pequeno texto no que resume cuantitativamente o 2013. Di o seguinte:

"A sala de concertos no Sydney Opera House ten aforo para 2.700 persoas. Este blog foi visto preto de 12.000 veces en 2013. Se fose un concerto no Sydney Opera House, levaría catro funcións con todas as localidades vendidas de tanta xente que o quixo ver.

En 2013 publicáronse 382 novos posts, facendo medrar o arquivo total do blog a 516 entradas. Subíronse 461 imaxes, ocupando un total de 122 MB. Iso é preto dunha imaxe do día.

O día máis importante do ano foi 19 de xullo con 170 visualizacións. O post máis popular nese día foi 'Guía de axudas sociais para as familias 2013'."

Na imaxe tamén se poden apreciar os catro posts máis vistos do ano, representados pola súa fotografía asociada.


Attractions in 2013

These are the posts that got the most views in 2013. You can see all of the year's most-viewed posts in your [Site Stats](#).

- 1 A Xunta desmantela o servizo 065 de ... 0 COMMENTS November 2013
- 2 Alento busca logopeda e fisioterapeuta 0 COMMENTS July 2013
- 3 O CERMI esixe a retirada do program... 0 COMMENTS November 2013
- 4 Guía de axudas sociais para as familia... 0 COMMENTS July 2013
- 5 FEGADACE organiza un novo curso so... 0 COMMENTS February 2013

As noticias máis vistas no blog foron as relacionadas cos cambios no 065, unha oferta de emprego, unha nota do CERMI contra o programa 'Entre Todos', o recurso en forma de 'Guía de axudas sociais para as familias', do Ministerio de Sanidade, e unha información propia sobre os cursos de FEGADACE..

A maioría de visitas veñen dos perfís de Facebook e Twitter; tamén do buscador Google.




b) Blog Envellecer con DCA.


No mes de abril FEGADACE emprendía o proxecto piloto de innovación en tratamentos rehabilitadores para o dano cerebral que contaba, entre as súas bases, coa elaboración dun blog. O proxecto, dirixido a promover o envellecemento activo e saudábel entre as persoas con dano cerebral, pretendía tamén a súa integración nas novas tecnoloxías. Así, elaborouse o blog 'Envellecer con DCA. Prevención da dependencia en persoas con dano cerebral adquirido', desde o que se fixeron propostas informativas para o debate nas asociacións.

O blog conta con cinco seccións nas que repasa os requisitos para un envellecemento activo e unha correcta e innovadora rehabilitación: “Actividade física”, “Alimentación”, “Dano Cerebral Adquirido”, “Hábitos saudábeis” e “Innovación en tratamentos”.




Envellecer con DCA comezou a súa andaina o 13 de maio de 2013 cunha actualización diaria, que descendeu a unha semanal co cambio de contrato da técnica de comunicación. Obtivo un máximo de 133 visitas nun día, recibiu un total de 2.060 en todo o ano, con medias moi superiores entre maio e setembro.





c) Facebook.

Mantivéronse os dous perfís existentes, empregando o persoal para dinamizar a relación con outras asociacións e persoas usuarias desta rede social. A tendencia foi sempre a retroalimentación co perfil corporativo. Acadáronse 2.600 amigos e 839 seguidores/as.




A dinámica de uso é a de compartir as informacións propias (todas aquelas publicadas nos blogs propios e webs das asociacións federadas), anunciar os actos programados, amplificar as mensaxes de redes das que FEGADACE fai parte –informacións do CERMI, FEDACE, EAPN ou sobre o X Solidario-, así como de entidades coas que ten relación, e

establecer contacto con calquera persoa/entidade interesada na Federación. Interactúase coas persoas seguidoras respondendo aos seus comentarios.

d) Twitter

A dinámica de uso de Twitter é similar. Ademais, ao longo de 2013 serviu para establecer/continuar o contacto cos xornalistas Nieves Salinas –Interviú- e Luís Pardo – Cadena Ser-. As relacións son de tipo máis institucional e corporativo, pero tamén se estableceron contactos persoais.



A 20 de decembro tíñanse publicado 3.409 tweets –entradas de Twitter-, a conta de FEGADACE tiña 982 seguidores e seguía a 1.266 contas.

e) Outras

As contas de Instagram e Pinterest permaneceron inactivas e a análise de tendencias recomenda o seu abandono. O perfil en Google + mantense activo e completo, pero non se dinamiza habitualmente pola súa falta de repercusión.

2.3.3. APOIO ÁS ASOCIACIÓNS FEDERADAS.

De maneira sistemática, prestouse apoio ás asociacións federadas na difusión das súas actividades, novidades, programas, e calquera información que emitiran. Prestouse

especial atención ás súas respectivas programacións de eventos polo Día do Dano Cerebral e, tamén, dos mercados solidarios nos que regularmente participan Adaceco, Adace, Alento, Renacer e Sarela. As súas informacións foron compartidas no blog e nas redes sociais de FEGADACE (Facebook e Twitter).

Dentro do obxectivo de reforzar a visibilidade da Federación, foi elaborada e distribuída unha placa de FEGADACE entre todas as asociacións federadas.

Co obxectivo de facilitar a fluidez das comunicacións, seguiuse intentando implantar o emprego de Skype con resultados desiguais.

Durante 2013 o asesoramento puntual da técnica de comunicación foi solicitado por ADACECO, Alento e Sarela para:

- Elaboración dunha nota de prensa que finalmente non foi publicada por petición de Alento.
- Elaboración dun informe diagnóstico sobre a páxina web e o perfil de Facebook de Alento, por petición formalizada o 10/07/2013. Informe remitido, e cambios implementados en Facebook. O informe da web quedou pendente de revisar por parte da dirección de Alento.
- Traslado da maqueta do boletín Facendo Camiño (de Sarela) ao programa Microsoft Publisher (17/01/2013).
- Elaboración dun cartel e redacción e envío dunha nota de prensa da Gala Solidaria Sarela Televisión, segundo solicitude do 15/06/2013.
- Actividade formativa sobre redes sociais dirixida a persoal técnico e xunta directiva de Sarela e realizada o 01/08/2013.
- Informe sobre a páxina web de ADACECO (entregado o 14 de xuño) e elaboración de nota de prensa coas actividades da entidade polo Día do Dano Cerebral (datada o 23/10/2013).

2.3.4. CAMPAÑA 'EU PODERÍA TER DANO CEREBRAL'.

“ Campaña de sensibilización para a prevención das diferentes causas do dano cerebral adquirido a través da elaboración de diferentes soportes comunicativos: un vídeo, un cartel e un folleto.

Aproveitouse a elaboración do vídeo para traballar no fortalecemento da colaboración da Federación con outras entidades coas que se relaciona a través de plataformas, federacións, convenios bilaterais, convivencia na Casa das Asociacións, financiadoras, etc. Convidouse a participar a máis de 50 entidades e persoas, das que responderon e puideron finalmente participar 24 persoas. Todas interveñen afirmando que poderían ter DCA, insistindo na idea de que este é unha discapacidade adquirida, que pode aparecer en calquera momento na vida de calquera persoa. O vídeo colgouse en Youtube e obtivo 900 reproducións.



Captura do vídeo da campaña 'Eu podería ter dano cerebral'.

Para o cartel e folleto reeditouse o material elaborado pola empresa Piedrapapeltijera que leva o lema “apoio e axuda despois do dano cerebral”. A información que recollen ambos foi corrixida e actualizada.

2.3.5. CAMPAÑA DE COLABORACIÓN COS COLEXIOS PROFESIONAIS.

“ Desenvolveuse unha campaña de colaboración cos colexios profesionais cos que hai vías de colaboración abertas cun dobre obxectivo: reforzar a relación e ofrecer ao público documentación sobre o dano cerebral desde unha perspectiva multidisciplinar.

Contactouse cos colexios profesionais de Psicoloxía, Logopedia e Fisioterapia, cos equipos técnicos das asociacións de FEGADACE e con profesionais próximos e/ou colaboradores da Federación para pedir-lles unha serie de colaboracións escritas desde os seus respectivos puntos de vista profesionais. Consegúronse catro artigos que se publicaron no blog de FEGADACE, desde a perspectiva da educación social, a psicoloxía e o coaching. Recibíronse dous textos de membros do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, un artigo elaborado polas educadoras sociais de Sarela, e unha colaboración desde o punto de vista do coaching do educador Iago Santalla.

2.3.6. DÍA DO DANO CEREBRAL ADQUIRIDO.

O acto central, a nivel comunicativo, foi o II Foro de Familias de Persoas con Dano Cerebral Adquirido, que se dedicou ao papel do contorno como soporte e acción. Este evento reforzouse coa creación e deseño do 'I Premio FEGADACE ao labor de difusión da problemática das persoas con Dano Cerebral Adquirido e das súas familias', entregado ao programa da Radio Galega 'Convivir en Igualdade'.



Pepe Carreira, Clara de Súa e Gloria Ferreiro despois de recoller o I Premio FEGADACE..

Para o Foro de Familias enviáronse seis notas de prensa e obtivéronse, cando menos, 26 impactos, entre os que salientan entrevistas radiofónicas na Ser e Radio Galega e a cobertura dos servizos informativos da TVG.

A imaxe do II Foro de Familias completouse co deseño dun cartel e un programa de man.

2.3.7. DÍA INTERNACIONAL DA DISCAPACIDADE / SOS DISCAPACIDADE.

O CERMI continuou coa estratexia de contestación activa 'SOS Discapacidade', inaugurada en 2012 cunha gran manifestación en Madrid. A liña de traballo acordada polo CERMI ditou que en 2013 esta estratexia se descentralizara a través da organización de actividades por parte dos CERMIs autonómicos, coincidindo, unha vez máis, co Día Internacional da Discapacidade (3 de decembro).



Natalia Gestoso, usuaria de Sarela, le unha parte do manifesto SOS Discapacidade.

O CERMI-Galicia redactou un manifesto ao que FEGADACE aportou un fragmento –dedicado á discapacidade adquirida- e que se presentou publicamente nun acto que contou coa presenza de representantes gobernamentais, políticos e directivos das asociacións galegas de persoas con discapacidade. O presidente e o coordinador da Federación asistiron ao acto acompañando a Natalia Gestoso, usuaria de Sarela que representou ao colectivo de persoas con dano cerebral adquirido lendo un fragmento do manifesto do CERMI.

Participouse activamente na campaña divulgándoa a través do blog e das redes sociais.

2.3.8. CAMPAÑA POLO X SOLIDARIO.

O acordo de ingreso en EAPN-Galicia optimizouse a través participación activa no Grupo de Comunicación. O principal proxecto deste grupo foi a planificación, elaboración e divulgación da campaña polo 'X Solidario' no IRPF. Estes fondos non repercuten en FEGADACE pero si nas súas asociacións federadas a través do reparto que se realiza desde FEDACE.

Elaborouse un dossier no que se explica que proxectos se financian a través do diñeiro recadado a través do IRPF, creouse unha axenda común de contactos con medios de comunicación, fíxose unha rolda de prensa e amplificáronse as mensaxes solidarias animando a marcar "X" no cadro de "Fins sociais" da declaración da renda.

2.3.9. ELABORACIÓN DE DOCUMENTOS E ARQUIVO GRÁFICO.

Ao longo do ano continuouse nutrindo o arquivo gráfico da Federación ampliando o banco de fotografías (de elaboración propia e solicitadas ás asociacións) e creando novos folletos (II Foro de Familias, Encontro de Voluntariado, Comunícate con TICs, sen complexos)

Deuse continuidade á actualización permanente de argumentarios. Elaborouse un sobre tráfico e outro sobre diferenzas entre DCA e parálise cerebral.

Tamén se fixeron deseños e maquetacións puntuais: memoria de FEGADACE, felicitación de Nadal, carteis e memorias do programa Coopera...

2.3.10. OUTRAS CAMPAÑAS.

a) Campañas de captación.

Participouse na organización do I Torneo de Pádel Solidario (21/12/103) con FEGADACE da empresa de servizos deportivos Aveni. O torneo foi unha iniciativa solidaria da empresa, coa que se colaborou aportando información, redactando e difundindo comunicados e empregando as redes sociais. En concreto, creouse un evento en Facebook a través do que se convidou a todos os contactos e que obtivo un notábel feedback.



Evento creado en Facebook para divulgar o Torneo de Pádel Solidario con FEGADACE.

Tamén se elaborou unha campaña para a captación de fondos en colaboración co club de baloncesto Obradoiro que quedou pendente de desenvolver por parte de FEGADACE.

b) Apoio nos proxectos de promoción do envellecemento activo.

Colaborouse na difusión comunicativa dos proxectos de 'Hábitos de vida saudábeis' e de 'Novos Servizos para a Prevención da Dependencia e Rehabilitación de persoas con DCA'. Ademais do xa mencionado blog Envellecer con DCA, tramitouse a elaboración de material didáctico en forma de DVD interactivo, elaborouse a imaxe gráfica de ambos proxectos e realizouse a difusión externa dos mesmos: notas de prensa, web e redes sociais.

c) Apoio no proxecto 'Comunícate conTICs, sen complexos'.

Reforzouse o proxecto coa solicitude de orzamentos, o envío dunha nota de prensa de presentación da sinatura do convenio e elaborouse un tríptico.

d) Campaña #contraelestigma.

Participouse na campaña #contraelestigma, de Proyecto Chamberlin, en defensa dos dereitos das persoas con enfermidade mental e contra o estigma da súa doenza. O soporte da campaña é o vídeo; solicitouse a cada entidade a elaboración de un, e respondeu Sarela remitindo unha curta que está dispoñíbel na canle de Youtube da Federación. Sumou unhas 100 reproducións, e unha ampla difusión nas redes de FEGADACE, da asociación organizadora da campaña e das entidades de persoas con enfermidades mentais.

e) Día da Saúde.

Colaboración con Meiga (asociación de estudantes da facultade de Medicina de Santiago) na



Un dos stands do Día Mundial da Saúde en Santiago.


conmemoración do Día Mundial da Saúde, dedicado á hipertensión. FEGADACE tivo presenza na xornada que organizaron o 6 de abril na Alameda de Santiago a través da cesión de información (folletos e boletíns) sobre o dano cerebral adquirido e a relación da prevención do ictus, principal causa do DCA, coa hipertensión.

f) 'Música dance para que tú no la bailes'.

A Dirección General de Tráfico solicitou a colaboración da Federación para o contacto con posíbeis protagonistas para a súa campaña 'Música dance para que tú no la bailes', un proxecto no que implicaron a tres recoñecidos DJ's para promover a responsabilidade ao volante da xente nova.

Proporcionáronselles varios contactos dos que finalmente frutificaron dous. Jonathan, de Alento, e Óscar, de Adace-Lugo, foron os protagonistas dos vídeos musicais de Abel Ramos e Christian Varela, respectivamente. Ambos músicos crearon unha peza baseada nos movementos de cada un dos seus protagonistas.

Desde FEGADACE contribuíuse ao lanzamento e difusión da campaña.



f) Bansalud.

Envío de documentación ao programa Bansalud do Banco Santander, que a entidade promotora aínda non fixo público.

g) Proxecto ictus.

Borrador de proxecto integral (folletos, carteis, vídeo...) de sensibilización sobre a prevención do ictus, reunión co Sergas na procura de financiamento.

APARTADO 3. AGRADECIMENTOS.



APARTADO 4. INFORMACIÓN ECONÓMICA.

4.1. CONTA DE RESULTADOS.

FEGADACE 2013	FECHA 05-03-2014	HOJA 1
---------------	------------------	--------

CUENTA DE RESULTADOS ESFL (NORMAL)

	Nota	2013	2012
A) Operaciones Continuas			
1. Ingresos de la actividad propia		146.375,93	125.579,50
a) Cuotas de asociados y afiliados		7.200,00	7.200,00
b) Aportaciones de usuarios		350,00	620,00
d) Subvenciones imputadas al excedente del ejercicio		138.825,93	117.759,50
2. Ventas y otros ingresos de la actividad mercantil		70.222,90	1.552,00
3. Gastos por ayudas y otros		-9.149,09	-1.194,62
a) Ayudas monetarias		-7.505,78	-1.050,00
c) Gastos por colaboraciones y del órgano de gobierno		-1.643,31	
d) Reintegro de subvenciones, donaciones y legados			-144,62
7. Otros ingresos de la actividad		175,84	19,92
8. Gastos de personal		-51.681,62	-34.898,94
a) Sueldos, salarios y asimilados		-39.128,02	-26.309,76
b) Cargas sociales		-12.553,60	-8.589,18
9. Otros gastos de la actividad		-151.659,11	-79.444,57
a) Servicios exteriores		-151.621,98	-79.444,57
b) Tributos		-37,13	
10. Amortización del inmovilizado		-672,83	-744,80
11. Subvenciones, donaciones y legados de capital traspasados al excedente del ejercicio		32,03	
b) Donaciones y legados de capital traspasados al excedente del ejercicio		32,03	
A.1) EXCEDENTE DE LA ACTIVIDAD (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)		3.644,05	10.868,49
15. Gastos financieros		-872,26	-810,44
b) Por deudas con terceros		-872,26	-810,44
A.2) EXCEDENTE DE LAS OPERACIONES FINANCIERAS (14+15+16+17+18)		-872,26	-810,44
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPUESTOS (A.1+A.2)		2.771,79	10.058,05
A.4) EXCEDENTE DEL EJERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIONES CONTINUADAS (A.3+19)		2.771,79	10.058,05
B) Operaciones Interrumpidas			
A.5) Variación de patrimonio neto reconocida en el excedente del ejercicio (A.4+20)		2.771,79	10.058,05
C) Ingresos y Gastos imputados directamente al patrimonio neto			
D) Reclasificaciones al Excedente del ejercicio			
E) Variaciones de Patrimonio Neto por ingresos y gastos imputados directamente al patrimonio neto (C.1+D.1)			
F) Ajustes por cambios de criterio			
G) Ajustes por errores			
H) Variaciones en la Dotación Fundacional o fondo social			
I) Otras variaciones			
J) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DEL PATRIMONIO NETO EN EL EJERCICIO (A.5+E+F+G+H+I)		2.771,79	10.058,05

4.2. BALANCE DE SITUACIÓN.

FEGADACE 2013	FECHA 05-03-2014	HOJA 1
---------------	------------------	--------

BALANCE DE SITUACIÓN ESFL (NORMAL)

ACTIVO	Nota	2013	2012
A) ACTIVO NO CORRIENTE		3.778,48	1.058,31
I. Inmovilizado intangible		692,51	1.058,31
5. Aplicaciones informáticas		692,51	1.058,31
III. Inmovilizado material		3.085,97	
2. Instalaciones técnicas y otro inmovilizado material		3.085,97	
B) ACTIVO CORRIENTE		68.563,96	97.351,00
III. Usuarios y otros deudores de la actividad propia		1.752,00	
IV. Deudores comerciales y otras cuentas a cobrar		27.890,24	12.352,59
3. Deudores varios		1.560,00	960,00
6. Otros créditos con las administraciones públicas		26.330,24	11.392,59
VI. Inversiones financieras a corto plazo			2.500,00
2. Créditos a entidades			2.500,00
VII. Periodificaciones a corto plazo		486,52	
VIII. Efectivo y otros activos líquidos equivalentes		38.435,20	82.498,41
1. Tesorería		38.435,20	82.498,41
TOTAL ACTIVO (A + B)		72.342,44	98.409,31
PASIVO	Nota	2013	2012
A) PATRIMONIO NETO		60.741,35	52.637,43
A-1) Fondos propios		35.287,48	38.826,84
III. Excedentes de ejercicios anteriores		32.515,69	28.768,79
1. Remanente		32.515,69	28.768,79
IV. Excedente del ejercicio		2.771,79	10.058,05
A-3) Subvenciones, donaciones y legados recibidos		25.453,87	13.810,59
I. Subvenciones		22.367,90	13.810,59
II. Donaciones y legados		3.085,97	
B) PASIVO NO CORRIENTE			
C) PASIVO CORRIENTE		11.601,09	45.771,88
III. Deudas a corto plazo			41.784,65
2. Deudas con entidades de crédito			41.784,65
V. Beneficiarios - acreedores		5.941,25	
VI. Acreedores comerciales y otras cuentas a pagar		5.659,84	3.987,23
3. Acreedores varios		3.351,74	1.969,26
6. Otras deudas con las administraciones públicas		2.308,10	2.017,97
TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO (A + B + C)		72.342,44	98.409,31